

INFORME

Os Centros Especiais de Emprego en Galicia



Estudo promovido pola Asociación Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro – CEGASAL e realizado polo equipo de investigación social de Abeluria, S. Coop Galega.

Este estudo enmárcase no programa de actuación 2020 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.

Contido

Introdución	2
1. Centros Especiais de Emprego: unha realidade da economía social de Galicia.....	4
2.Os Centros Especiais de Emprego en Galicia.	8
3.Aproximación á situación económica dos Centros Especiais de Emprego.	23
4.Realidade socioeconómica dos Centros Especiais de Emprego	37
5.Conclusións	55
Índice de táboas.....	61
Índice de Gráficos	61
Bibliografía.....	63
Anexo I: Modelo de cuestionario	65

Introdución

Os Centros Especiais de Emprego (en diante CEE) son unha das organizacións que forman parte da economía social galega segundo a Lei 6/2016, do 4 de maio de Economía Social de Galicia. A súa principal característica é que a maioría das persoas que desempeñan o seu traballo neles son persoas con discapacidade; de feito, un 70% das traballadoras e traballadores -como mínimo- deben ter esta condición.

O presente traballo pretende facer un achegamento á súa realidade en Galicia abordando a análise dende tres ópticas diferentes atendo á natureza dos datos a analizar. O estudo comeza cun capítulo introdutorio que contextualiza ao obxecto de estudo identificando as súas características legislativas así como cales son os enfoques que o abordan dende a academia.

Tras esta breve introdución, no segundo capítulo analizaranse os datos obtidos do rexistro de CEE de Galicia dependente da Consellería de Emprego e Igualdade. Tamén se estudarán os tipos de CEE existentes, a súa localización ou a súa idade. No eido das persoas, estudaranse cales son as súas características e relación contractual, empregando para iso os datos que os CEE reportan á propia Consellería.

No terceiro capítulo levarase a cabo unha revisión dos datos económico financeiros a través do estudo das contas depositadas polos CEE no rexistro mercantil. Esta parte do traballo dividirase, a súa vez, en cinco apartados: (1) análise do tamaño das entidades estudando, entre outras, a evolución do seu activo e a cifra de negocio; (2) estudo da financiación para o que se analizará a evolución do patrimonio, pasivos e endebedamento; (3) revisión da solvencia que virá determinada pola evolución da ratio de circulante, liquidez inmediata, solvencia e o fondo de manobra; (4) análise da rendibilidade que se determinará pola evolución do resultado de explotación entre outras; e (5) o estudo da actividade empresarial para o que se analizaran o Importe Neto de Negocio (INCN), outros Ingresos de Explotación (OIE) e o gasto de persoal.

O capítulo cuarto analiza os resultados dunha enquisa realizada durante o verán do ano 2020 aos diferentes CEE que contan cun centro de traballo en Galicia e que aborda en catro bloques, cun total de 54 preguntas, cuestións do ámbito sociolóxico, da discapacidade e medidas sociais, do emprego e dos datos económicos. Este capítulo recolle de primeira man a realidade dos CEE contada polos seus propios protagonistas.

Por último, pecharán o traballo as conclusións onde se agruparán os datos máis destacados de cada un dos apartados co fin de configurar

unha foto poliédrica da situación actual dos CEE en Galicia, así como identificar os retos que o sector debe abordar segundo as diferentes análises realizadas.

Todas as análises, e sempre que foi posible, leváronse a cabo diferenciando as tipoloxías de CEE entre ordinarios e sen ánimo de lucro (en diante SAL), ou tamén denominados de iniciativa social, para así comprobar o comportamento destas dúas tipoloxías de entidades nas que a titularidade empresarial e o uso de excedentes ou beneficios os diferencian. Tamén se reflectirán as diferenzas existentes en canto ao xénero naqueles casos nos que os datos o permitan.

Este estudo enmárcase no programa de actuación 2020 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.

1. Centros Especiais de Emprego: unha realidade da economía social de Galicia.

Os CEE teñen a súa orixe no ordenamento xurídico español coa aprobación da lei 13/1982, de integración social dos minusválidos, polo que se poden denominar unha modalidade empresarial ao contar con escasos 40 anos de existencia. Na actualidade o Real Decreto Legislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de persoas con discapacidade¹ recolle no seu artigo 43 a súa definición e englóbaos dentro do denominado emprego protexido.

Así, os CEE defínense como “aquelas empresas no que o seu obxectivo principal é o de realizar unha actividade produtiva de bens ou de servizos, participando regularmente nas operacións de mercado, e teñen como finalidade asegurar un emprego remunerado para as persoas con discapacidade; á vez que son un medio de inclusión do maior número destas persoas no réxime de emprego ordinario”. O cadro de persoal dos CEE deberá estar constituído maioritariamente por persoas con discapacidade, en cando menos, un 70% posuirán unha relación laboral con estas entidades de carácter especial, conforme ao artigo 2.1.g) do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo. Esta relación réxese polo Real Decreto 1368/1985, de 17 de xullo, polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos minusválidos que traballen nos CEE².

Establecese tamén que os “CEE deben prestar, a través das unidades de apoio, os servizos de axuste persoal que requiran as persoas traballadoras con discapacidade. (...) Entendéndose por tales aqueles que permitan superar as barreiras, obstáculos ou dificultades que as persoas traballadoras con discapacidade dos CEE teñan no proceso de incorporación a un posto de traballo, así como na permanencia e progresión no mesmo. Tamén se entenderán aqueles dirixidos á inclusión social, cultural e deportiva”. A normativa tamén indica que as persoas que realicen estas tarefas, e que non teñan discapacidade, non se computarán aos efectos das porcentaxes antes referidas.

No posterior desenvolvemento normativo o goberno estatal aproba o RD 2273/1985 que establece o Regulamento dos CEE³. Esta norma

¹<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2013-12632>

²<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1985-16663>

³<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1985-25591>

establece dúas clasificacións, a primeira atendendo á súa titularidade e así poden identificarse CEE de carácter público ou privado; ou atendendo á aplicación dos seus posibles beneficios, establecendo entre ordinarios e os de iniciativa social ou SAL.

Pola súa banda, Galicia conta co Decreto 200/2005 do 7 de xullo polo que se regula a autorización administrativa e inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia⁴ no que se establecen as condicións para que un CEE adquira a condición de SAL. Segundo os seus artigos 10 e 11, para obter esta cualificación os CEE deben cumprir tres requisitos:

- Deben ser promovidos e participados en máis dun 50%, directa o indirectamente, por entidades sen ánimo de lucro públicas ou privadas (fundacións, asociacións...) ou que teñan recoñecido xuridicamente nos seus Estatutos o seu carácter social.
- O patrimonio do titular do centro ten carácter de irrepartible, excepto a favor de entidades do mesmo tipo.
- O reinvestimento dos posibles beneficios ou excedentes faise no propio CEE ou noutros que carezan de ánimo de lucro.

No ano 2011 apróbese a Lei 5/2011 do 29 de marzo, de Economía Social a cal no seu artigo 5 identifica as diferentes entidades que entran no contexto de aplicación:

“Forman parte da economía social as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos no artigo anterior”.

Deste xeito o ordenamento xurídico español, e máis tarde o galego na Lei 6/2016, do 4 de maio, da Economía Social (ES) de Galicia, incorporan aos CEE dentro do paraugas que engloba a ES.

A ES é definida polos profesores Monzón e Cháves para o Comité Económico e Social Europeo como o “conxunto de empresas privadas organizadas formalmente, con autonomía de decisión e liberdade de adhesión, creadas para satisfacer as necesidades dos seus socios a través do mercado, producindo bens e servizos, asegurando ou financiando, e nas que a eventual distribución entre os socios dos

⁴ https://emprego.xunta.es/descargas/coceso/cee/Decreto_200_2005.pdf

beneficios ou excedentes, así como a toma de decisións, non están ligadas directamente ao capital ou ás cotizacións achegadas por cada socio, correspondendo un voto a cada un deles. A Economía Social tamén agrupa a aquelas entidades privadas organizadas formalmente con autonomía de decisión e liberdade de adhesión que producen servizos de non mercado a favor das familias, cuxos excedentes, se os houbese, non poden ser apropiados polos axentes económicos que as crean, controlan ou financian”.

Como se pode observar nesta definición as empresas da ES contan cunha serie de principios que as agrupa e marca o seu funcionamento. A Lei galega de ES recolle no seu artigo 5 o seguinte:

“As entidades da economía social actúan en base aos seguintes principios orientadores:

- a) Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta en xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade ou en función do fin social, que en relación ás súas achegas ao capital social.
- b) Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica principalmente en función do traballo achegado e servizo ou actividade realizada polas socias e socios ou polos seus membros e, no seu caso, ao fin social obxecto da entidade.
- c) Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade.
- d) Independencia respecto aos poderes públicos”.


No continente europeo a ES é considerada un dos piares do modelo social e “xoga un papel esencial na economía europea conxugando rendibilidade e solidariedade, creando empregos de calidade, reforzando a cohesión social, económica e territorial, xerando capital social, promovendo unha cidadanía activa, a solidariedade e unha forma de economía dotada de valores democráticos, que sitúan ao ser humano nun primeiro plano e contribúe ao desenvolvemento sostible e á innovación social, medioambiental e tecnolóxica”. Así o expresaba o

Parlamento Europeo na súa Resolución de 19 de febreiro de 2009, sobre economía social (2008/2250(INI))⁵.

Os CEE, polo tanto, son unha realidade que nace co obxecto de favorecer a xeración de emprego para as persoas con discapacidade, ao tempo que contribúe a xerar una sociedade mellor, onde as persoas se sitúen no centro das decisións.

No marco da economía social galega, e segundo os últimos datos globais publicados con motivo da posta en marcha da Estratexia de Economía Social de Galicia no ano 2018, os CEE representaban un case un 3,5% das entidades existentes en Galicia, un 18,57% dos empregos e o 0,03% da facturación do conxunto das familias de economía social sobre as que se reflectía a estratexia e que se poden visualizar na **Gráfica 1**.

Gráfica 1 A Economía Social en Galicia (2018)



*En millóns de euros.


⁵ <https://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2010:076E:0016:0023:ES:PDF>

2. Os Centros Especiais de Emprego en Galicia.

O Decreto 20/2005 do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento, crea o rexistro de CEE de Galicia e subscríbeo á Dirección Xeral que teña competencias en relacións laborais⁶. Na actualidade esta corresponde á recente Consellería de Traballo e Igualdade.

Segundo os datos en posesión deste organismo, na comunidade autónoma galega existen, a xullo de 2020, un total de 110 empresas inscritas como CEE. Tal e como se observa na **Gráfica 2**, 61 empresas son CEE ordinarios e 49 obtiveron⁷, ademais, a cualificación de SAL, o que acredita que cumpran as tres condicións requiridas para isto e xa mencionadas: (1) que o patrimonio do centro, ten carácter de irrepatriable, excepto a favor de entidades da mesma tipoloxía; (2) que o titular do centro ten como finalidade primordial a integración de persoas con discapacidade en CEE; e (3) o reinvestimento dos posibles beneficios ou excedentes no propio CEE ou noutros que carezan de ánimo de lucro.

Gráfica 2 Centros Especiais de Emprego en Galicia



Estase diante, polo tanto, dun escenario que tende á paridade entre ambas figuras pero onde os centros ordinarios contan cun 5 % máis de entidades que os SAL.

Atendendo á súa distribución polo

territorio, e segundo se extrae da **Táboa 1**, é a provincia da Coruña a que conta cun maior censo de CEE -aportando o 50% do total- sendo

⁶ https://emprego.xunta.es/descargas/coceso/cee/Decreto_200_2005.pdf

⁷ Inclúense dentro do colectivo dos CEE sen ánimo de lucro aqueles que teñen solicitada esta cualificación momento de realización do presente traballo.

tamén a provincia que concentra un maior número dos cualificados como SAL, pois o 70% contan con enderezo nesta provincia. En canto ao número de entidades inscritas, séguelle a provincia de Pontevedra que aporta o 21% sendo, neste caso, maioritarios os ordinarios fronte aos SAL. No outro extremo, a provincia galega con menor número de CEE é a de Ourense que só conta con catro inscritos: un ordinario e tres SAL.

Táboa 1 Centros Especiais de Emprego por provincia

	Ordinario	SAL	Total
A Coruña	27	30	57
Lugo	5	2	7
Ourense	1	3	4
Pontevedra	17	8	22
Fóra da Comunidade	14	6	20
	64	49	110

Cabe destacar que hai un total de vinte CEE domiciliados fóra da comunidade autónoma galega, destacando Madrid como a provincia que conta cun maior número de inscritos: once do total de vinte e un teñen o seu domicilio social na capital do estado. É nesta comunidade onde tamén se atopa o único CEE sen ánimo de lucro con domicilio fóra de Galicia.

Observando os concellos onde se domicilian os CEE en Galicia, 51 atópanse nalgunha das sete grandes cidades da comunidade (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago ou Vigo). Sendo unhas porcentaxes semellantes ás que corresponden aos ordinarios - 28 deles atópanse nestas localidades- e aos SAL -podemos atopar 21-. Se se atende ao ámbito rural as diferenzas incrementanse entre as tipoloxías das entidades. Existen un total de 38 CEE domiciliados nalgún dos concellos do rural galego, deles 21 son SAL. Isto significa que o 45,5% dos CEE de iniciativa social se emprazarían no eido rural fronte ao 27% no casos dos ordinarios. Parece, polo tanto, que a distribución territorial dos SAL ten unha maior adaptación á xeografía galega, o que pode facilitar o transporte das


persoas traballadoras, especialmente das que contan con algunha discapacidade, para chegar ao centro de traballo. Ao tempo, esta localización no rural leva parella a dinamización económica dese territorio.


Gráfica 3 Centros de traballo por provincia dos CEE

Se se analizan os centros de traballo, Galicia suma 140, o que significa que de media cada empresa conta con 1,27 centros de traballo na comunidade. A súa localización no territorio correspóndese case simetricamente co número de CEE por provincia, tal e como se observa na **Gráfica 2**.

Así, a provincia da Coruña é a que ten un maior número de centros de traballo no seu territorio seguida polas de Pontevedra e Lugo. Destaca o comportamento da provincia de Ourense neste caso, xa que case duplica a relación media galega de empresas inscritas e de centros de traballos inscritos ao acadar os 2,5 por CEE rexistrado na provincia.

Se se atende á data de inscrición no rexistro pódese indicar, como se mostra na **Gráfica 4**, que Galicia conta cun censo de CEE novo, no que se observa que a meirande parte das organizacións ten unha antigüidade inferior a vinte anos, ao situarse o seu nacemento despois do ano 2000. Destaca o ano 2017 por ser o exercicio no que se inscribiron un maior número de empresas: un total de nove.




Gráfica 4 Data de inscrición dos Centros Especiais de Emprego

A media de inscricións de CEE por ano sitúase en tres. Así, pódese observar claramente, nesta mesma **Gráfica 4**, como a liña de tendencia é ascendente, mostrando nos últimos catro anos un incremento sostido que se sitúa por riba das seis organizacións creadas anualmente. É conveniente, nun futuro, seguir a evolución desta tendencia e ver como se comporta a evolución destas entidades empresariais ante a crise sanitaria, social e económica producida pola Covid-19.

No referente á cualificación de CEE de iniciativa social, tal é como se observa na **Gráfica 5**, trinta e seis das corenta e nove organizacións solicitaron este recoñecemento con posterioridade á súa inscrición no rexistro. É o ano 2019 o que suma un maior número de solicitudes de cualificación podendo estar relacionado, entre outras cousas, coa entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que entrou en vigor un ano antes e que establece a reserva de contratación pública para este colectivo.

Gráfica 5 Ano de solicitude cualificación SAL



En canto aos CEE que comezan a súa actividade co recoñecemento de SAL dende o comezo da súa actividade, estes contan cunha incidencia moi reducida non sendo máis de tres ao ano en toda a serie histórica.

No proceso de inscrición no rexistro os CEE teñen identificar cal vai ser a actividade a levar a cabo. Así, e tal e como mostra a **Táboa 2**, obsérvase que os CEE conta con actividade en moitos sectores da economía destacando no sector dos servizos. Pero o seu comportamento é desigual se atendemos á súa cualificación. No caso dos ordinarios, centran a súa actividade nas actividades de apoio ás empresas e á consultaría empresarial seguida polas actividades de transporte e o comercio. No caso dos SAL estes centran a súa actividade tamén nas actividades de apoio seguidas pola agricultura e a silvicultura e os servizos ás persoas e os servizos sociais e de asistencia persoal.

Táboa 2 Actividade empresarial dos CEE en Galicia

Actividade	Ordinarios	SAL	Total
<i>Transporte, transporte de viaxeiros e actividades anexas</i>	10 (11 ct)*	3	13
<i>Actividades de servizos ás persoas, servizos sociais e asistencia persoal</i>	1	7 (13 ct)	8
<i>Actividade cultural recreativa e deportivas</i>		2 (3 ct)	2
<i>Agricultura e silvicultura</i>	2 (3 ct)	10 (12 ct)	12
<i>Xestión de residuos, reciclase</i>	2 (5 ct)	2 (4ct)	4
<i>Limpeza e saneamento publico</i>	7 (10 ct)	3 (4ct)	10
<i>Comercio</i>	9 (15 ct)	6 (14 ct)	15
<i>Aparcamentos</i>	1		1
<i>Alimentación</i>		2	2
<i>Correos e telecomunicacións</i>	2 (3 ct)		2
<i>Papel e artes gráficas</i>		2	2
<i>Outras empresas de apoio e consultoría</i>	16 (26ct)	10 (24 ct)	26

*Centros de traballo

Outros datos que obran en poder da Consellería de Emprego e Igualdade, e aos que se tivo acceso para elaborar o presente informe, son os que proveñen da documentación que os CEE teñen que entregar para xustificar a orde de axudas para a promoción da

integración laboral de persoas con discapacidade que todos os anos emite a propia consellería⁸.

A 31 de decembro de 2019 reportaban datos correspondentes a 140 centros de traballo distribuídos polas catro provincias. Da análise destes datos pódese destacar que, a finais do 2019, Galicia empregaba a un total de 3.569 persoas en CEE. Destas, 3.182 tiñan algunha discapacidade mentres que 387, non. A súa distribución por provincias e por tipoloxía de CEE obsérvase na **Táboa 3**.

Táboa 3 Persoas con e sen discapacidade por provincia

	SAL			Ordinario		
	Nº Centro traballo	Non discapacidade	Discapacidade	Nº Centro traballo	Non discapacidade	Discapacidade
Coruña	37	132	1127	35	67	678
Lugo	5	5	54	13	13	78
Ourense	7	39	218	2	8	27
Pontevedra	15	60	608	26	63	392
Totais	64	236	2007	76	151	1.175

O primeiro que se pode extraer desta **Táboa 3** é a dimensión duns e doutros centros de traballo, xa sexan estes CEE ordinarios ou SAL. Así, os primeiros contan cunha dimensión media de dezasete persoas traballadoras e os segundos elevan a cifra até as trinta e cinco persoas traballadoras de media en cada centro de traballo. Cómpre sinalar que aínda contando con doce centros de traballo menos, os CEE de iniciativa social xeran máis emprego que os ordinarios soportando o 62,85% do total fronte ao 37,15 dos ordinarios. Parece, polo tanto, que as entidades SAL contan con unha maior efectividade na súa misión de xeración de emprego.

⁸ ORDE do 9 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2020-2021.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200723/AnuncioG0424-130720-0001_gl.html


En canto á distribución polo territorio, e de acordo ao xa indicado, é a provincia da Coruña a que dispón dunha maior concentración de centros de traballo e de xeración de emprego, seguida da de Pontevedra. Sendo as provincias de Lugo, no caso dos SAL, e Ourense, no caso dos ordinarios, as que fan unha aportación máis baixa de centros de traballo e de xeración de emprego.

Na comparativa entre CEE ordinarios e SAL cómpre destacar o comportamento da provincia de Ourense. Alí o emprego xerado polos SAL é moi superior ao xerado polos ordinarios cunha diferenza de cinco centros de traballo máis que aumentan o número de persoas por centro de traballo ate case as trinta e sete. O bo comportamento desta provincia reforza o sinalado con anterioridade sobre os CEE de iniciativa social no rural galego.

Nesta táboa tamén se observan con máis claridade as diferenzas na xeración de emprego entre os SAL e os ordinarios, e como aínda con trinta centros de traballo menos -como xa se mencionou- sexan os SAL os que xeran un maior número de postos de traballo.

No cómputo global, son os CEE coa cualificación de SAL os que empregan unha maior porcentaxe de persoas con discapacidade, tal e como se pode observar na **Gráfica 6**; mais en ambos casos, tanto os CEE ordinarios como os SAL, sitúanse moi por riba dos mínimos esixidos pola lexislación para seren cualificados como tal (un 70%). En ambos casos esta porcentaxe sitúase preto do 90%.

Gráfica 6 % Persoas con e sen discapacidade nos CEE



Tendo en conta estes valores confecciónase a **Táboa 4**, na que se pode observar que o colectivo que traballa maioritariamente nos CEE é o das persoas traballadoras teñen unha discapacidade física menor ao

64% ou unha discapacidade psíquica onde se inclúen a discapacidade intelectual e a enfermidade mental.

Táboa 4 Tipo de discapacidade por sexo e tipo de CEE

	SAL		Ordinario	
	H	M	H	M
<i>Psíquica</i> ⁹	384	182	148	160
<i>Física (33 a 64%)</i>	737	417	427	273
<i>Física (65% ou +)</i>	56	33	38	35
<i>Sensorial (33 a 64%)</i>	98	63	30	35
<i>Sensorial (65% ou +)</i>	22	15	14	15
Total	1.297	710	657	518

Si se comparan estes datos coa distribución do censo de persoas con discapacidade da Xunta de Galicia¹⁰, tal e como se mostra na **Táboa 5**. Pódese observar que, no caso de persoas con discapacidade psíquica, os CEE de Galicia xeran traballo en proporción semellante ao censo de persoas con discapacidade. Porén, no caso das persoas con discapacidade física estas contan con unha maior empregabilidade nesta realidade empresariais ao situarse a súa presenza oito puntos por encima do censo. Pola súa banda as persoas con discapacidade sensorial son as que contan con unha maior dificultade xa que están representadas cinco puntos por debaixo do que correspondería ao censo galego de persoas con discapacidade.

⁹ A discapacidade psíquica engloba discapacidade intelectual e a enfermidade mental.


¹⁰ <https://politicassocial.xunta.gal/es/temas/discapacidad/censo-de-personas-con-discapacidad>

Táboa 5 Comparativa entre as persoas con discapacidade nos CEE e no censo de Galicia

Tipo de discapacidade	% de persoas traballadoras nos CEE	% de persoas no censo de discapacidade de Galicia
Psíquica	27,48%	30,54%
Física	63,36%	55,28%
Sensorial	9,18%	14,07%

Continuando coa análise a **Gráfica 7** mostra a través dunha distribución por cores as diferenzas distributivas están presentes tanto nos CEE ordinarios como nos SAL e que este comportamento persiste na distribución por sexos. Pola contra, as persoas cunha discapacidade sensorial superior ao 65% son as que experimentan unha menor integración laboral nesta modalidade de empresas.

Gráfica 7 Persoas traballadoras por tipo de discapacidade




Como xa se indicaba, nesta mesma **Gráfica 7** tamén se observan as diferenzas existentes entre homes e mulleres, sendo a inserción laboral delas moito menor. Estas diferenzas son agudas no caso dos CEE de


iniciativa social onde as mulleres representan o 35,38 % das persoas traballadoras fronte ao 44,09 % no caso dos ordinarios.

Profundando no comportamento destas empresas, e atendendo á cualificación dos CEE, a **Gráfica 8** mostra como, aínda manténdose a proporcionalidade dos tipos de discapacidade, no caso dos SAL esta é un pouco máis equilibrada contando con unha maior presenza de persoas con discapacidade psíquica e sensorial ate o 64%. Porén son os CEE ordinarios o que contan con unha maior ocupación das persoas con discapacidade física e sensorial de máis do 65%.en proporción á ocupación total que xeran.

Gráfica 8 Cadro de persoal por tipo de discapacidade e CEE




En referencia á temporalidade da contratación, mostrada na **Gráfica 9**, os CEE, tanto os ordinarios como os SAL, dan mostra dunha alta cota de estabilidade laboral ao situarse ao redor do 53% en ámbalas dúas tipoloxías. Esta situación é máis destacable si se compara coa taxa de estabilidade de contratación de persoas con discapacidade do conxunto do estado no mesmo período pois esta non chega ao 10%.

Gráfica 9 Tipoloxía da contratación por sexo

Cómpre sinalar que existe unha diferenza no comportamento da contratación masculina entre os CEE de iniciativa social e os ordinarios, os primeiros mostran un lixeiro mellor comportamento ao acadar o 54% de contratación fixa fronte ao 53,5% dos ordinarios.

Afondando na diferenciación por sexo obsérvase que as mulleres acadan unhas cifras de temporalidade ao redor de dous puntos inferiores ás dos homes tanto no caso dos SAL como dos CEE ordinarios, ao situarse en ambos casos no 52% de contratación fixa. Continuando a análise e atendendo ao tipo de xornada, detallada na

Gráfica 10 Tipo de xornada por clase de CEE




Gráfica 10, atópanse diferenzas entre os CEE ordinarios e os SAL. Os primeiros amosan un maior volume de parcialidade; pola contra, os segundos, tenden a un número de contratos a tempo completo maior, ao contar con 72% fronte aos contratos parciais.

Dentro das xornadas parciais as predominantes, son no caso dos CEE ordinarios as que se atopan entre o 75 e o 100% da xornada pero nos SAL teñen a mesmas porcentaxe as que están entre o 51 e o 74%.

Pola contra as xornadas menos habituais son as que si sitúas por debaixo do 25% en ambos casos.

Complétase a análise da duración da xornada en como afecta esta a homes e mulleres, observándose un comportamento diferente en canto á xornada completa e ás parciais. Tal e como se observa na **Gráfica 11**, son os homes, seguindo os datos de números de contratación, os que teñen unha porcentaxe máis elevada de contratos a xornada completa.

Gráfica 11 Xornada completa por tipo de CEE



Con todo, no caso da contratación a xornada parcial, esta tende á paridade entre homes e mulleres cando se observa o seu comportamento nos CEE de iniciativa social, mais no caso dos ordinarios a parcialidade das mulleres é moito máis significativa que a dos homes tal e como recolle a **Táboa 6**.


Táboa 6 Xornada parcial por tipo de CEE e sexo

	SAL		Ordinario	
	H	M	H	M
<25%	31	49	13	23
25 a 50%	59	70	48	77
51 a 74 %	91	79	58	100
75 a 100%	85	103	81	108
% Totais	47%	53%	39%	61%

Por último, neste capítulo, analízase a idade das persoas con discapacidade que traballan nos CEE de Galicia. Pódese observar na **Gráfica 12** que a ampla maioría destas persoas son maiores de 31 anos. No caso dos CEE ordinarios a idade é un pouco superior aos

SAL ao contar cun número maior de persoas na franxa que recolle ás persoas de máis de 45 anos. Neste apartado non se atopa un comportamento diferente entre homes e mulleres.

Gráfica 12 Idades das persoas traballadoras por tipo de CEE e sexo



Na franxa de persoas máis novas advírtese un mellor comportamento nos CEE de iniciativa social, aínda que en ningún dos casos as persoas que contan con menos de 24 anos chegan a supor o 10% do cadro de persoal. Este avellentamento do cadro de persoal pode significar o crecemento das discapacidades de algunhas persoas, un feito que podería analizarse máis en profundidade.

3. Aproximación á situación económica dos Centros Especiais de Emprego.

Os CEE son, na súa grande maioría, entidades mercantís e, polo tanto, deben realizar as obrigas que a lexislación lles encomenda. Dende unha óptica contable atópase ao do depósito de contas no rexistro mercantil. Esta fonte de datos primaria debe reflectir, segundo o actual plan xeral contable, a imaxe fiel do patrimonio, a situación financeira e os resultados da empresa en cuestión. A obrigación de depósito debe realizarse no primeiro semestre de cada ano pero no actual exercicio, 2020, esta veuse retrasada por mor da pandemia mundial da covid-19 e o confinamento extremo que trouxo aparelado.

Así, no momento no que se comeza co presente traballo as anualidades completas que se atopaban rexistradas facían referencia ao ano 2018. Ante esta situación é polo que se decide optar por este exercicio como modelo de estudo a analizar. En xullo de 2020 existen en Galicia, tal e como se indicou no apartado anterior, un total de 110 CEE dos cales 6 contan cunha inscrición no ano 2019 ou 2020, feito que imposibilita o depósito de contas no ano de referencia. Unha vez solicitados os datos ao rexistro mercantil detéctase que un total de seis empresas non cumpriron coa obriga legal correspondente, sendo catro ordinarios e dous SAL. Destaca tamén que 22 empresas teñen unha dimensión superior á autonómica o que supón que a contabilidade recolla datos non equiparables para participar no estudo proposto.

Por último, en canto á selección da mostra, e como se indicaba con anterioridade, dentro do conxunto dos CEE que operan en Galicia atópanse un total de 9 que operan baixo a fórmula de asociación e que se poden identificar porque o seu número de identificación fiscal comeza pola letra G. Estas entidades non teñen obriga legal de depósito de contas no rexistro mercantil, se non de facelo no rexistro de asociacións da comunidade autónoma que non está dixitalizado e por mor da pandemia nos meses de recollida de datos non se atopaba accesible. Ante esta situación é polo que o equipo investigador opta por solicitar directamente ás entidades a contabilidade do exercicio indicado.

Con todo o indicado, a mostra final que se emprega para a realización do estudo está composta por un total de 72 CEE divididos a partes iguais entre ordinarios e SAL, o que significa o 65,45% da poboación total. O estudo completárase, nos casos que sexa posible, coa

evolución da contabilidade correspondente ás anualidades 2013 – 2018.

Unha vez confeccionada a mostra, procédese a determinar a análise económica financeira dos CEE empregándose para isto diferentes variables obtidas dos balances e contas de perdas e ganancias, así como o cálculo de diferentes ratios económica-financeiras.

Para facilitar a comprensión dos datos e profundar no obxecto de estudo, divídese o traballo en cinco bloques identificando en cada un o campo de análise. Así procederase a analizar: (1) o tamaño das entidades estudando, entre outras, a evolución do seu activo e a cifra de negocio; (2) a financiación para o que se analizará a evolución do patrimonio, pasivos e endebedamento; (3) a solvencia que virá determinada pola evolución da ratio de circulante, liquidez inmediata, solvencia e o fondo de manobra; (4) a rendibilidade que se determinará pola evolución do resultado de explotación, resultado do exercicio, a rendibilidade económica (ROA) e a rendibilidade financeira (ROE); e (5) a actividade empresarial para o que se analizarán o Importe Neto de Negocio (INCN), outros Ingresos de Explotación (OIE) e o gasto de persoal.

En cada bloque estúdanse distintas variables analizando a súa media e desviación típica. Obsérvase, debido ao alto grao de dispersión existente, que a desviación típica é na maioría de casos moi elevada, o que motiva a recorrer á mediana como indicador de tendencia central como xa se recolle noutros traballos académicos previos ao que aquí se presenta. Para profundar na análise fíxose tamén unha análise por cuartís e procedeuse, como en todo o traballo, á diferenciación entre CEE ordinarios e SAL.

Tamén para que os extremos non condicionen o resultado procédese a ordenar a mostra de menor a maior cantidade e dividila en tres cuartís (Q1, Q2 e Q3). O resultado do primeiro cuartil (Q1) coincidirá co valor do CEE que se sitúe no 25% da mostra, o segundo cuartil (Q2) coa mediana, e o terceiro cuartil (Q3) co CEE que se sitúe no 75%. Este procedemento realizarase diferenciando segundo tipoloxía da entidade entre ordinarios e SAL e levarase a cabo ao longo de toda a análise económica financeira.

Tamaño:

Como xa se indicou con anterioridade, para analizar o tamaño dos centros especiais de emprego tomáronse como referencia as variables activo total, activo corrente e non corrente e o importe neto de cifra de


negocios. Nestas variables para o ano 2018, e tal e como se observa na **Táboa 7**, en termos de mediana para o Activo Total resulta un valor de 444.102 €, para o Activo Corrente de 239.524€, sendo moito máis elevado que o valor de 69.969€ do activo non corrente. En canto á cifra neta de negocios esta sitúase en termos medianos na cifra de 449.111€.

Táboa 7 Variables de tamaño ano 2018

	ACTIVO TOTAL	ACTIVO NON CORRENTE	ACTIVO CORRENTE	IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS
2018	444.102€	69.969€	239.524€	449.111€

Complétase a análise examinando a evolución no tempo, dende o ano 2013 até a anualidade obxecto de estudo. Así, tal e como aparece na **Gráfica 13**, o Activo ten unha tendencia á alza ao aumentar anualmente, pasando de 257.466 € de mediana no ano 2013 a 444.102€ no 2018. Analizando a mesma progresión dos activos correntes e non correntes, pode observarse que este aumento do tamaño dos CEE é debido á evolución positiva dos activos correntes.

Gráfica 13 Evolución do tamaño dos CEE 2013 - 2018



En canto ao importe neto da cifra de negocio, pode observarse como a súa evolución é practicamente plana ate o ano 2015 no que se produce un punto de inflexión elevándoa ate o entorno dos 450 mil euros, lugar que non abandona no resto da serie.

Continuando coa análise diferenciada atendendo á tipoloxía de CEE, que pode observarse na **Táboa 8**, extráese que os valores calculados para a mediana do total de activo son bastante semellantes, pero este comportamento no se mantén na análise dos mesmos valores para o activo corrente, onde os CEE ordinarios acadan a cifra de 182.826 € e os SAL de 304.523 €.

Táboa 8 Tamaño. Mediana. 2018. Sen e Con ánimo de Lucro.

	Ordinarios			Sen ánimo de Lucro		
	Mediana	1º Cuartil (Q1)	3º Cuartil (Q3)	Mediana	1º Cuartil (Q1)	3º Cuartil (Q3)
<i>Total Activo</i>	448.305 €	93.638 €	1.386.348 €	434.576 €	116.663 €	987.384 €
<i>Activo Non Corrente</i>	85.968 €	12.851 €	543.332 €	69.461 €	39.228 €	266.012 €
<i>Activo Corrente</i>	182.826 €	67.591 €	751.750 €	304.532 €	89.408 €	598.957 €
<i>Importe neto da cifra de negocios</i>	412.772 €	111.280 €	1.343.561 €	513.745 €	109.741 €	922.809 €

A **Táboa 6** tamén mostra como os CEE de iniciativa social contan cunha maior cifra neta de negocio, o que pode dar mostra da súa maior dimensión. En cambio, na análise por cuartís, esta hipótese parece non manterse, pois o terceiro cuartil (Q3) da mostra dos CEE ordinarios conta cun activo total superior situándose por riba do 1.300.000 € mentres que os SAL non chegan ao millón de euros.

Situando o foco na cifra neta de negocio, concrétese unha situación similar á analizada no apartado anterior sobre o activo. Obsérvase que o 25% (Q3) da mostra dos CEE ordinarios con máis cifra neta de negocio superan os 1.300.000 €, mentres no caso dos SAL esa cifra non volve alcanzar o millón de euros.


Despois desta análise, pódese determinar que os CEE de Galicia contan cun tamaño semellante con independencia do tipo de entidade (ordinario ou SAL) pero esta característica non se mantén en toda a mostra, xa que existe un 25 %, os pertencentes ao Q3, nos que os CEE ordinarios teñen un tamaño superior aos de iniciativa social.

Financiación:

Continuando coa metodoloxía proposta, procédese agora á análise da estrutura de financiamento dos CEE, que se dividirá nas seguintes dúas gráficas que recollen a evolución das principais variables.

Así, na **Gráfica 14**, pode observarse a evolución do patrimonio neto (PN)¹¹ que no seu valor mediano diminúe nos anos 2014 e 2015 para, posteriormente, ter un punto de inflexión no ano 2015 que o leva a case duplicarse no seguinte exercicio para continuar estable no resto da serie. Con respecto ao pasivo non corrente¹², os valores medianos fóronse reducindo lixeiramente entre os anos 2013 e 2018 o que contribúe a unha evolución positiva da solvencia a longo prazo destas entidades. En troca, o pasivo corrente¹³, aumenta de forma sostida ao longo de toda a serie pasando dos aproximadamente 93.000 € do ano 2013 aos 156.000 € nos que se atopa no ano 2018.

Gráfica 14 Evolución financiación anos 2013 - 2018




¹¹ Patrimonio neto está composto polas achegas aportadas polos propietarios dos centros especiais de emprego aumentado, principalmente, cos beneficios de anos anteriores non distribuídos contabilizados na conta de reservas.

¹² Pasivo non corrente está composto polas débedas a pagar a longo prazo.

¹³ Pasivo corrente, débedas a pagar a curto prazo.

Para completar a análise da financiación global, procédese ao cálculo das ratios de endebedamentos do mesmo período, tal e como pode observarse na **Gráfica 15**. Pode visualizarse como o endebedamento a longo prazo ten unha tendencia á baixa, iniciando a serie no 18% para rematala con sete puntos menos, o que reforza o xa mencionado con respecto ao pasivo non corrente ou pasivo fixo.

Gráfica 15 Ratios evolución financiación 2013 - 2018



No caso do endebedamento a curto prazo, a súa evolución é á inversa, ao igual que ocorría coa do pasivo corrente. Esta situación reforza o comportamento do endebedamento total e a súa evolución á alza neste período pasando dun 76% no ano 2013 a un 92% no 2018. O que se traduce en que, segundo os datos rexistrados no último depósito de contas completo, os CEE deben 0,92 € por cada euro de fondos propios ou patrimonio neto. Esta situación, e segundo a ampla literatura ao respecto, sitúa aos CEE nunha situación de endebedamento por riba dos valores óptimos.

Na análise comparada da estrutura financeira dos CEE ordinarios e SAL, como mostra a **Táboa 9**, obsérvanse diferenzas significativas. O valor da mediana correspondente ao patrimonio neto para o ano 2018 é case o dobre para as empresas sen ánimo de lucro, o que lle outorga unha maior autonomía financeira. Porén, os valores para o pasivo corrente e non corrente son similares, agás no caso do terceiro cuartil

(Q3), o que engloba ás entidades cunha maior dimensión, onde a cantidade correspondente aos CEE ordinarios duplica os datos referidos aos SAL, o que mostra un maior endebedamento a curto prazo por parte dos primeiros.

Táboa 9 Financiamento. Mediana. 2018. Ordinarios e SAL

<i>Financiamento</i>	<i>Ordinarios</i>			<i>Sen ánimo de Lucro</i>		
	Mediana	1º Cuartil (Q1)	3º Cuartil (Q3)	Mediana	1º Cuartil (Q1)	3º Cuartil (Q3)
<i>Patrimonio Neto</i>	112.762 €	27.566 €	479.137 €	210.772 €	72.859 €	656.674 €
<i>Pasivo Non corrente</i>	38.595 €	18.213 €	129.727 €	26.102 €	10.749 €	140.531 €
<i>Pasivo Corrente</i>	154.652 €	31.194 €	605.710 €	156.264 €	38.068 €	258.894 €
<i>Endeb. Total</i>	1,7425	0,3415	3,4120	0,6505	0,4500	1,1462
<i>Endeb. L/P</i>	0,1718	0,0178	0,9213	0,1068	0,0464	0,2877
<i>Endeb. C/P</i>	0,7814	0,1976	2,2351	0,4572	0,3347	0,8259

Continuando coa análise da **Táboa 8**, o cálculo das ratios mostra unhas cifras máis elevadas no caso dos CEE ordinarios que nos de iniciativa social, o que vén a sustentar o xa mencionado con anterioridade, un maior endebedamento sobre o seu patrimonio neto ou fondos propios. Así, por exemplo, o endebedamento total dos centros ordinarios sitúase no 174% mentres que o dos SAL nun 65%, isto dota aos segundos dunha mellor saúde financeira con respecto dos primeiros. Outro dato que dá boa conta disto é o referente á ratio de endebedamento total do terceiro cuartil (Q3), aquí os CEE ordinarios superan o 340% mentres que nos de iniciativa social non chega ao 115%.


Por último, indicar que un dos motivos polo que os CEE sen ánimo de lucro teñen un patrimonio neto superior, o que redundará nun menor endebedamento, pode vir derivado da obriga de reinvestimento de beneficios ou excedentes na propia empresa ou noutros CEE que carezan de ánimo de lucro.

Solvencia

Seguindo coa análise da situación financeira nos CEE, a **Gráfica 16** aborda a evolución da súa solvencia. En xeral, as ratios arrojan uns valores aceptables ao situarse todas dentro dos rangos establecidos

pola literatura salvo no caso de liquidez inmediata. A ratio de solvencia¹⁴ mantén os seus valores no período de análise en valores próximos ao 200 %, o que supón que os centros teñen o dobre de activos que de débedas. No que refire á ratio de circulante¹⁵ esta sitúase por riba de 100% en toda a serie, o que representa que existe unha boa relación entre débedas a curto prazo e activos a curto prazo nos CEE de Galicia.

Gráfica 16 Evolución da solvencia 2013 -2018



En canto á ratio de liquidez inmediata esta ten unha tendencia á baixa ao longo de todos os exercicios analizados xa que comeza a serie en valores próximos ao 50% para rematar nun valor do 38% no ano 2018. Este comportamento, unido ao alto endebedamento a curto prazo – resultado da análise do financiamento-, podería significar problemas de tesourería nalgún momento.

En canto á comparativa entre CEE ordinarios e sen ánimo de lucro para o ano 2018 a **Táboa 10** amosa os valores das ratios para os diferentes cuartis situando a ratio de solvencia para as entidades de iniciativa social no 265% fronte ao 145% dos CEE ordinarios outorgándolle aos

¹⁴ A ratio de solvencia calcúlase dividindo o activo total polo pasivo esixible.

¹⁵ A ratio de circulante calcúlase dividindo o activo corrente entre o pasivo circulante.

primeiros unha maior solvencia para facer fronte ao posible endebedamento.

Táboa 10 Análise de Solvencia CEE Ordinarios e SAL


	Ordinarios			Sen ánimo de Lucro		
	Mediana	1º Cuartil (Q1)	3º Cuartil (Q3)	Mediana	1º Cuartil (Q1)	3º Cuartil (Q3)
Ratio de Circulante	1,4296	1,0315	2,2507	2,0558	1,2569	2,9882
Ratio de Liquidez Inmediata	0,2102	0,0399	0,6120	0,3929	0,1419	1,6274
Fondo de manobra	47.520 €	7.734 €	196.646 €	88.161 €	14.704 €	319.120 €
Ratio de Solvencia	1,48	1,22	2,92	2,65	1,93	3,77

Con respecto á ratio de liquidez inmediata, aínda que en xeral todos contan cuns índices baixos destaca neste aspecto o correspondente ao primeiro cuartil (Q1) dos ordinarios ao situarse no 4% o que indica unha dificultade á hora de facer fronte as débedas a curto prazo. Porén, e no sentido oposto, sitúanse os CEE de iniciativa social do terceiro cuartil (Q3) xa que contan coa mellor situación de partida ao alcanzar a súa ratio un 162%.

Rendibilidade

Neste apartado pódese observar como tanto os resultados do exercicio como os de explotación contan cunha tendencia positiva ao longo de toda a serie analizada tal e como se desprende da **Gráfica 17**.

Gráfica 17 Evolución da Rendibilidade 2013 - 2018



En canto a análise das ratios, neste caso calcúlanse dúas: ROA¹⁶ e ROE¹⁷. Coa análise combinada de ambas variables poderase determinar a rendibilidade dos CEE no período analizado. Así, a gráfica mostra como en ambos casos presentan unha tendencia á alza sendo, no caso do ROA dunha maior estabilidade que no do ROE que é máis accidentada. En calquera caso, a serie comeza cun ROA situado no 1% e remata no 6%, esta dinámica no ROE conta cunha escalada de máis de 12 puntos o que mostra que estas entidades contan con rendibilidade mais esta sería baixa, se atendemos á doutrina clásica. Este motivo é o que leva a profundar na análise global dos cuartís neste apartado.

Así a **Táboa 11**, mostra que cando menos un 25% dos CEE existentes en Galicia arroxaron perdas no ano 2018 e rendibilidades negativas. Pola contra, existe outro 25% que se sitúa na situación oposta dobrando a mediana e con rendibilidades óptimas.

¹⁶ ROA (Return On Assets) é a relación entre o beneficio logrado nun determinado período e os activos totais dunha empresa.

¹⁷ ROE (Return on Equity) é a relación entre o beneficio logrado nun determinado período e o patrimonio neto.

Táboa 11 Rendibilidade Cuartís 2018

	1º Cuartil (Q1)	3º Cuartil (Q3)
Resultado de Explotación	-2.337 €	77.489 €
Resultado do exercicio	-661 €	56.561 €
ROA (%)	-0,90%	12,80%
ROE (%)	-1,33%	30,83%

Na análise comparativa entre CEE ordinarios e sen ánimo de lucro para o ano 2018, a **Táboa 12** mostra valores semellantes para as medianas de todas as variables salvo no caso dos resultados do exercicio, xa que neste caso só os CEE de iniciativa social doبران aos dos ordinarios.

Táboa 12 Rendibilidade dos CEE ordinarios e SAL 2018.

	ORDINARIOS			SEN ÁNIMO DE LUCRO		
	Mediana	1º Cuartil (Q1)	3º Cuartil (Q3)	Mediana	1º Cuartil (Q1)	3º Cuartil (Q3)
RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	11.659 €	-11.159 €	29.926 €	13.418 €	-877 €	81.056 €
RESULTADO DO EXERCICIO	7.340 €	-11.126 €	24.540 €	14.759 €	521 €	101.003 €
ROA (%)	5,98%	-1,11%	11,47%	6,55%	-0,64%	13,23%
ROE (%)	17,39%	-1,33%	38,48%	14,55%	-1,38%	27,06%

Na análise por cuartís é onde atopamos unhas maiores diferenzas. En canto ao primeiro cuartil (Q1), aínda que case todos os valores operan en datos negativos, os resultados obtidos polo segmento de CEE de iniciativa social son mellores que os ordinarios, destacando os resultados do exercicio e de explotación onde os separan máis de 10.000 € en ambos casos.

Con todo, é no terceiro cuartil (Q3) onde atopamos as maiores diferenzas. Así tanto os resultados do exercicio como os de explotación son moi superiores no caso dos CEE de iniciativa social, diferenciándose no primeiro caso por riba dos 76.000 € e no segundo en 51.000 €. Chama a atención que neste segmento o ROE dos CEE ordinarios conte cunha cifra tan elevada, habida conta dos resultados e da comparación dos ROA, xa que supera ao dos SAL en máis de 11 puntos de diferenza. Esta diverxencia nos datos pode vir determinada pola tendencia á optimización de beneficios que pode darse nos CEE ordinarios fronte á filosofía de funcionamento dos SAL onde prima a súa función social.

Actividade.

A necesidade deste apartado vén determinada por incluír no traballo unha serie de valores, que sendo de interese para a investigación, non se atopaban recollidos en ningún dos apartados anteriores. Así, sitúase o foco no Importe neto de negocio (INCN), o custes de persoal e o doutros Ingresos de Explotación (OIE), ademais de analizar como estas variables se relacionan entre si.

A importancia do estudo da variable “Outros Ingresos de Explotación” neste caso está determinada porque a práctica totalidade dos CEE que operan en Galicia reciben algunha axuda aos custes salariais por parte da Xunta de Galicia¹⁸. Da análise contable pode extraerse que só catro entidades, das incluídas na mostra, realizan un apunte separado deste ingreso, procedendo o resto das empresas a incluílos directamente na conta de “outros ingresos de Explotación”. Dada a importancia que supoñen estes ingresos na actividade da empresa, para levar a cabo o estudo tomaranse como referencia estas cantidades aínda sendo conscientes de que poden incorporar ingresos que teñan outra orixe.

Na **Táboa 13** móstrase a evolución de todos os valores citados a analizar entre os anos 2013 e 2018. O primeiro dato a destacar é o salto que se produce no ano 2018 na tendencia positiva que existen nos outros ingresos de explotación e nos gastos de persoal producida pola suba do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) ao producir este un forte impacto nos CEE pola súa dependencia directa.

¹⁸ No apartado 4 do presente traballo pode ampliarse estes datos.

Táboa 13 Evolución da interacción dos valores correspondentes á actividade dos CEE 2013 - 2018

	2018	2017	2016	2015	2014	2013
INCN	449.111 €	468.292 €	449.545 €	389.029 €	289.700 €	312.760 €
Outros Ingresos de Explotación (OIE)	76.003 €	55.103 €	59.428 €	56.163 €	47.692 €	49.152 €
OIE/INCN	0,2267	0,1575	0,1755	0,1713	0,1467	0,1828
Gastos de Persoal (GP)	242.574 €	214.085 €	218.157 €	199.911 €	172.735 €	156.873 €
OIE/GP	0,3244	0,2682	0,2623	0,2510	0,2468	0,2734
GP/INCN	0,6836	0,7154	0,6399	0,6695	0,6226	0,6286
GP/ Nº de traballadores	15.240	14.894	14.306	14.601	13.826	14.744
Número de empregados	16	16	16	16	13	12

Esta evolución positiva dos outros ingresos de explotación trae como consecuencia que a ratio que engloba a estes co importe neto de cifra de negocio aumente en catro puntos no período de estudo. Ademais, mostra como nestas organizacións os outros ingresos contan cunha relevancia maior na conta de resultados que no tecido empresarial ordinario.

Por último, con referencia a esta táboa, resaltar a importancia do gasto de persoal como partida de gasto máis importante nestas entidades, chegando no ano 2018 a representar un 68% fronte aos ingresos netos da cifra de negocio. Esta situación enténdese tendo en conta que estas empresas teñen por obxecto social a xeración de emprego para persoas con discapacidade.

Entrando na análise comparada entre CEE ordinarios e SAL pode observarse na **Táboa 14** como os valores son semellantes non observándose grandes diferenzas salvo variables que se refiren ao persoal.

Táboa 14 Actividade dos CEE ordinarios e SAL - 2018

	ORDINARIOS			SEN ÁNIMO DE LUCRO		
	Mediana	1º Cuartil (Q1)	3º Cuartil (Q3)	Mediana	1º Cuartil (Q1)	3º Cuartil (Q3)
INCN	412.772 €	111.280 €	1.343.561 €	513.745 €	109.741 €	922.809 €
OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN (OIE)	77.255 €	16.189 €	156.627 €	75.719 €	27.739	229.648
OIE/INCN	0,1729	0,0766	0,4161	0,2534	0,1146	0,3756
GASTOS DE PERSOAL (GP)	203.283 €	74.313 €	723.937 €	267.327 €	78.374 €	763.242 €
OIE/GP	0,3244	0,2543	0,4842	0,3247	0,2444	0,4396
GP/INCN	0,5704	0,4222	0,9274	0,7958	0,5322	0,9481
GP/ Nº DE TRABALLADORES	16.490	13.160	20.123	14.483	12.728	17.150

Na análise do persoal e as súas variables dependentes, obsérvase que no caso dos CEE ordinarios contan cuns gastos de persoal globais inferiores aos SAL aínda cando o gasto por persoa é superior en todos os cuartís, sendo máis destacable no terceiro (Q3). Este comportamento afianza o xa mencionado no estudo e que destaca a vocación xeradora de emprego dos CEE de iniciativa social fronte aos ordinarios.

4. Realidade socioeconómica dos Centros Especiais de Emprego

Por último, e co fin de completar esta análise tripla hélice, confeccionouse unha enquisa que foi remitida á totalidade dos CEE existentes en Galicia. O obxectivo desta última parte do estudo é poder completar e comparar os datos obtidos directamente de fondos primarios -os correspondentes aos rexistros mercantís e da Consellería- coa información emanada directamente do propio obxecto de estudo: os CEE.


Ademais, a enquisa pretende afondar en cuestións que son difíciles de obter directamente de fontes primarias, ben porque estes datos non teñen un tratamento estatístico, ben por non estar o suficiente informatizados como para proceder á análise.

Así, o cuestionario foi confeccionado polo equipo investigador identificando nel os datos que se querían obter da mostra participante. O resultado foi un extenso documento de cincuenta e catro preguntas divididas en catro bloques: (1) datos sociolóxicos; (2) datos de discapacidade e medidas sociais; (3) datos de emprego; (4) datos económicos; e (5) comentarios. O formulario pódese consultar no ANEXO I. O traballo de campo foi realizado entre os meses de agosto e setembro do ano 2020 enviándose o cuestionario por correo electrónico aos 110 CEE activos en Galicia nese momento. Realizáronse diferentes envíos e chamadas telefónicas que verificasen a súa chegada, obtendo unha confirmación positiva en 108 casos e sendo imposible realizar o contacto con dúas das empresas.


Obtivéronse un total de 59 respostas o que sitúa a porcentaxe de participación nun 53,6%.

Bloque I: Datos sociolóxicos

Na análise da mostra destaca, en primeiro lugar, o tipo de CEE que participou, sendo unha ampla maioría os cualificados como SAL, tal e como se mostra na **Gráfica 18**. Esta participación contrasta cos datos correspondentes ao universo xeral, xa que nese caso os SAL sitúanse no 40% da poboación, o que se traduce nunha mostra de mellor colaboración por parte dos CEE de iniciativa social fronte aos ordinarios.

Gráfica 18 Tipo de CEE participantes na Enquisa

En canto á provincia na que se asentan as empresas participantes no estudo, na **Gráfica 19** pódese observar como, ao igual que no censo xeral, a meirande parte dos CEE aséntanse nas provincias atlánticas, sendo A Coruña a que conta cun maior número. Na situación oposta sitúase a provincia de Lugo onde só participan 4 CEE.

Gráfica 19 CEE que participaron na enquisa e censo total


Se se observa a comparativa entre o censo total e os participantes na enquisa, na mesma **Gráfica 18**, destaca que non participan CEE domiciliados fóra da comunidade autónoma así como, no caso da provincia de Ourense, na que o censo de participantes sitúase por riba dos CEE inscritos nesa provincia. Esta situación pode vir indicada porque se puidese dar unha confusión entre as referencias á empresa ou ao centro de traballo.

En calquera caso, e tendo presente estas circunstancias, procederase á análise dos datos diferenciando, como se ten feito durante todo o traballo, o comportamento dos CEE ordinarios e de iniciativa social ou SAL.

Se se analiza a fórmula xurídica pola que escollen os CEE pódese observar, tal e como mostra a **Gráfica 19**, como o 65% constitúense como sociedade limitada (sexa esta unipersonal ou non). As asociacións/fundacións e as sociedades anónimas comparten a partes iguais outro 30% deixando o 5% restante a persoas autónomas.

Aínda que se a análise inclúe a tipoloxía de CEE, pódese observar como nos casos dos ordinarios a porcentaxe da escolla das sociedades anónimas aumenta e é neste segmento onde se sitúan todas as persoas autónomas. Pola contra, as asociacións ou fundacións, como é lóxico, sitúanse todas no segmento dos CEE de iniciativa social e aquí a escolla das sociedades limitadas é maior que no cómputo xeral.


Gráfica 20 Fórmula xurídica dos CEE por clase



Do total de CEE participantes só cinco teñen a súa orixe na transformación dunha empresa ordinaria, tal e como se desprende da

Gráfica 20. Destaca que catro das entidades non poden identificar cal foi a súa orixe. Neste caso non existe un comportamento diferencial segundo a súa tipoloxía ao contar cunha distribución semellante entre ordinarios (tres empresas transformadas) e SAL (dúas empresas transformadas).

Gráfica 21 CEE transformados dende unha empresa ordinaria



En canto á actividade principal das empresas, os CEE contan cunha diversificación da súa actividade empresarial que aborda diferentes segmentos da economía; na maioría dos casos ligada ao sector servizos, tal e como se pode observar na **Táboa 15**. Destacan os servizos de xardinería, comercio e os servizos a empresas. Pola contra, o número de actividades dentro do sector primario son moi reducidas, atopándose só un CEE que conta con actividade nel. Por último neste eido, destaca a xestión de radiotaxis que se pode atopar en tres dos CEE participantes.

Táboa 15 Actividade empresarial dos CEE

Actividade principal	Número de CEE
Xestión de residuos	2
Produtos alimenticios e bebidas	3
Servizos	2
Impresión e Artes Gráficas	2
Xardinería	9
Comercio	6
Lavandería	3
Consultoría	4
Limpeza	4
Atención a persoas con discapacidade	3
Transporte	3
Servizos a empresas	6
Fabricación e confección	3
Artesanía	2
Centro telefonistas	1
Produción gandeira	1
Desguace	2
Xestión de radiotaxi	3

O total dos 59 CEE contan cun total de 2.261 traballadores e traballadoras, o que significa unha media de 38 persoas por cada empresa, aínda que esta distribución non é uniforme ao atoparse entidades que contan cun intervalo que oscila entre as 2 e as 37 persoas traballadoras.

Se se analiza o comportamento de CEE ordinarios e SAL, ao igual que nos datos obtidos da Consellería, son as empresas de iniciativa social as que contan cunha maior dimensión en canto a emprego se refire. Así, os CEE ordinarios contan cunha media de 33,10 persoas traballadoras fronte aos 38,32 dos SAL.


No último apartado deste bloque l pregúntaselle ás entidades sobre o tipo de axudas que reciben e as súas cantidades. Así, obsérvase que a práctica totalidade das entidades participantes indican que recibiron algunha axuda da administración no exercicio 2019. Só unha indica que

non o fixo por non estar activa nese exercicio. En canto á súa tipoloxía, e segundo se observa na **Táboa 16**, as correspondentes ao financiamento parcial do custo salarial das persoas con discapacidade son solicitadas por todos os CEE que recibiron subvencións. Trinta e unha das entidades tamén foron beneficiarias das axudas correspondentes a cotizacións da seguridade social, pola contra, só tres CEE de emprego contaron con subvencións para inversións.

Táboa 16 Tipo de axudas e nº de CEE beneficiarios


Tipo de axuda	Nº de entidades beneficiarias
Financiamento custe salarial	59
Adaptación de postos de traballo	19
Unidades de apoio	14
Cotizacións da SS	31
Para a realización de Inversións	3
Outras	1

En canto ás cantidades, á suma total das mesmas, cabe destacar que a esta pregunta responderon un total de 42 CEE, os cales recibiron un total de 9 millóns e medio de euros, o que sitúa a media por entidade por riba dos 226 mil euros. Se se analiza o comportamento da media de cada tipo de CEE, e tal e como se observa na **Gráfica 21**, os ordinarios contan con cantidades menores de financiación pública media en todos os casos, o que se corresponde coa menor xeración de emprego destas entidades fronte aos de iniciativa social.

Gráfica 22 % de Subvención media por CEE**Bloque II: Discapacidade e medidas sociais.**

Avanzando na análise, e entrando no bloque dous no que se estudan cuestións relacionadas coa discapacidade e medidas sociais, o traballo de campo aborda, en primeiro lugar, a formación das persoas traballadoras e a súa antigüidade empregando valores de 1 a 5, onde 1 sería aplicado a persoas sen formación, 2 a persoas que teñan ESO ou FP básica, 3 aquelas que tiveran cursado Bacharelato ou FP Medio, 4 as que posúan titulación FP Superior e 5 as persoas con titulación universitaria. No caso da antigüidade os ítem abranguen unha escala máis pequena, onde 1 é para aquelas persoas que teñan menos dun ano de contratación, 2 para as que posúan unha relación laboral entre 1 e 3 anos e antigüidade, 3 para aquelas que sexan entre 3 e 5 anos e 4 para contratacións de máis de 5 anos.

Así, na **Gráfica 22**, despréndese como a formación das persoas sen discapacidade sitúase un punto e medio por riba das que si a posúen en ambos casos. Non obstante, a cualificación das persoas que traballan nos CEE ordinarios é menor en ambos casos, situándose na ESO ou FP básica no caso da discapacidade e no CM ou bacharelato nos que non a teñen.

Gráfica 23 Formación e antigüidade con e sen discapacidade

Nos CEE de iniciativa social o emprego conta cunha maior cualificación en ambos casos. Situándose, de media, preto do bacharelato nas persoas con discapacidade e da FP superior no caso das persoas que non contan con discapacidade.

En referencia coa antigüidade, tanto os CEE ordinarios como os SAL contan cun emprego cunha antigüidade de entre 3 e 5 anos, aínda que esta baixa suavemente no caso das persoas sen discapacidade nos CEE ordinarios.

Para 281 persoas o emprego que levan a cabo nos CEE é a súa primeira experiencia laboral, 207 nos CEE de iniciativa social e 74 nos ordinarios, mais para poder realizar unha comparativa axeitada entre ambas realidades débese acudir, ao igual que noutras referencias, ao cálculo de emprego por entidade empresarial. Así, no caso dos SAL cada entidade conta con 5,71 persoas que comezan a vida laboral no CEE, e no caso dos ordinarios estaríamos falando de 3,98 persoas. O que pode indicar unha mellora na capacitación por parte das entidades de iniciativa social.


Outra das cuestións sobre a que interpelaba a enquisa estaba relacionada coa determinación do número de persoas que acceden ao emprego protexido como persoas con incapacidade laboral permanente e o número de persoas que transitan ao emprego ordinario nos últimos tres anos. En canto á primeira cuestión, atopámonos un total de 308 persoas nesa situación, sendo os SAL os que contan cun maior número por entidade, 8,73 fronte aos 2,55 dos ordinarios. Así e todo, no caso do tránsito ao emprego ordinario son os CEE ordinarios os que contan

cun maior número de persoas fronte aos SAL, xa que estes últimos facilitarían o acceso ao emprego ordinario a 2,025 persoas nos últimos tres anos fronte ás 3,68 persoas dos primeiros.

A última parte deste bloque analiza as medidas sociais implantadas nas diferentes entidades. Así, interpélase aos participantes consultando polas medidas de responsabilidade social corporativa (RSC), plans de igualdade, actividades de axuste persoal e Compliance.

Segundo o Libro Verde “Fomentar un marco europeo para la responsabilidad social de las empresas” publicado por la Comisión Europea no 2001, a RSC pode definirse como a integración voluntaria por parte das empresas, das preocupacións sociais e medioambientais nas súas operacións comerciais e as relacións cos seus interlocutores. Estase, por tanto, diante dun compromiso empresarial que excede a obriga normativa e que é adquirido de forma voluntaria para transformar a dirección empresarial. A **Gráfica 23** mostra como preto do 70% dos CEE de iniciativa social adquieren este compromiso fronte ao 47% dos ordinarios. Destaca en ambos casos a porcentaxe de enquisados que non saben se estas existen ou non na súa organización.

Gráfica 24 Medias de Responsabilidade Social Corporativa




Entre as medidas que se levan a cabo, a maioría reconece poñer en marcha algunhas que melloren as relación laborais, seguidas polas que inciden nas relacións con clientes e provedores, situándose nas menos postas en marcha as medioambientais.

Pola súa banda, os plans de igualdade son definidos polo Ministerio de Igualdade como “un conxunto rodeado de medidas avaliadas, adoptadas despois de realizar unha análise de situación, tendentes a alcanzar na empresa a igualdade de trato e de oportunidades entre

mulleres e homes e a eliminar a discriminación por razón de sexo”. É obrigatoria a súa realización en empresas de máis de 151 persoas traballadoras e no ano 2020 esa obriga recaerá en todas aquelas que contan con 50 traballadoras ou máis. A **Gráfica 24** mostra como nesta ocasión son os CEE ordinarios os que contan cunha maior acollida no seu uso, pois dispoñen desta ferramenta para a igualdade preto do 60% das entidades. Porén, no caso dos SAL esta porcentaxe sitúase arredor do 40%. Volve chamar a atención a alta porcentaxe de persoas que non saben se existe este documento na súa entidade.

Gráfica 25 Plans de igualdade



En canto ás medidas postas en marcha polas entidades que contan con esta ferramenta para alcanzar a igualdade real, as medidas máis empregadas son aquelas que fomentan o acceso ao emprego en igualdade e favorecen a corresponsabilidade, sendo só 12 organizacións as que contan con medidas de prevención do acoso laboral.

O Real Decreto Legislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de persoas con discapacidade recolle no seu artigo 43.2 a definición do que se entenden por servizos ou medidas de axuste persoal e social. Estas identifícanse como “aquelas que permitan axudar a superar as barreiras, obstáculos ou dificultades que as persoas traballadoras con discapacidade dos CEE teñan no proceso de incorporación ao posto de traballo, así como na permanencia e progresión no mesmo. Tamén se encontrarán comprendidos aqueles servizos dirixidos á inclusión social, cultural e deportiva”. Segundo o traballo de campo, un total de 32 CEE participantes na enquisa conta con este tipo de servizos fronte a 22

CEE que non o fan, neste caso só 5 participantes non coñecen se as súas organizacións os teñen.

Na análise diferenciada por tipo de CEE, que se pode observar na **Gráfica 25**, despréndese como existe un maior uso deste tipo de servizos nos CEE de iniciativa social que nos ordinarios. Nos primeiros un 60% das entidades contan con algún tipo de actividades destas características fronte ao 42% no caso dos ordinarios.

Gráfica 26 Actividades de axuste persoal




En canto ás medidas que se levan a cabo, as medidas de desenvolvemento persoal son as máis comúns seguidas polas actividades de desenvolvemento social na comunidade e as da mellora das expectativas ocupacionais.

A última cuestión deste bloque refírese á existencia de medidas Compliance ou sistemas de prevención do delito e cumprimento normativo nas entidades. Este tipo de medidas de mellora da transparencia e xestión empresarial son as que contan cunha tradición máis recente no tecido económico. Foi no ano 2015 cando se introduce a reforma do Código Penal que posibilita que as persoas xurídicas poidan ser consideradas suxeitos responsables.

Só 23 CEE contan con este tipo de medidas existindo, novamente, un comportamento diferenciado entre os centros de iniciativa social e os ordinarios, sendo os primeiros os que contan cun maior número de implantacións. Neste caso, ao igual que no da RSC, o grao de descoñecemento sobre a existencia ou non destas medidas é alto ao superar o 20% en ambos casos, segundo se aprecia na **Gráfica 26**.


Gráfica 27 Medidas Compliance




Bloque III: Emprego

Este bloque comeza coas preguntas referentes á negociación colectiva, así empézasase interpellando sobre o convenio colectivo de aplicación no CEE, continúaase identificando as táboas salariais e, por último, solicítase información sobre si conta ou non con representación sindical.

En canto á primeira cuestión, na **Gráfica 27** pode identificarse como 28 CEE participantes no estudo teñen como referencia o Convenio colectivo galego de centros especiais de emprego, fronte a 21 que o fan polo que refire ao sector de actividade. Catro empresas posúen o seu propio convenio e o restantes, que significan o 6% da mostra, divídense de xeito equitativo entre os que non saben o convenio de aplicación, aqueles que empregan o estatuto dos traballadores ou optan polo estatal de CEE.

Gráfica 28 Tipo de Convenio colectivo

En canto ás táboas salariais de aplicación, a gran maioría aplican as do convenio de referencia e só un 7% toma como referencia o salario mínimo interprofesional (SMI), tal e como se observa na **Gráfica 28**. Tamén indicar que só tres de cada dez CEE conta con representación sindical. Polo que 37 dos CEE participantes no estudo non teñen delegados e delegadas sindicais ou comité de empresa.

Gráfica 29 Táboas salariais

En canto ás modalidades contractuais e, en coherencia co dito até o de agora, son os contratos indefinidos os que están presentes na maioría dos CEE galegos. Existen, incluso, dezaseis unidades empresariais que participaron no estudo nas que non existe contratación temporal. A opción maioritaria é a de mesturar a contratación indefinida coa temporal, pero empréganse moi pouco os modelos en prácticas ou en formación, xa que só catro CEE contan nos seus cadros de persoal con persoas con estas modalidades contractuais.

Para analizar a estabilidade do emprego preguntóuselle aos participantes pola media de contratos que os traballadores e traballadoras temporais tiñan ao longo do ano nesa mesma empresa. Para iso déronse catro opcións atribuíndolles un valor de 1 a 4. Así (1) é para aquelas persoas que contan cunha soa contratación; (2) é para as que teñen dúas, (3) para as que contan con tres e (4) para as que contan con catro ou máis contratos nun ano.

En consonancia co xa analizado, as medias obtidas do total das respostas indica que os CEE contan cun índice de calidade do emprego moi alto. A media total, na citada escala, atópase en 1,59 puntos, situándose os centros de iniciativa social lixeiramente por debaixo, ao contar cunha menor rotación, e os ordinarios lixeiramente por riba.

Seguindo a análise deste bloque estúdase o absentismo laboral e as súas causas. Atopámonos cunha porcentaxe do 9,27 de media global de todos os CEE situándose, nesta ocasión, lixeiramente por debaixo os SAL fronte á porcentaxe dos ordinarios que roza o 10%. En canto ás causas, estas son comúns en ambos casos sendo a enfermidade común a causante da maioría das situacións de faltas ao traballo.


Das cincuenta e nove empresas participantes só sete recoñecen ter acometido medidas disciplinarias no ano 2019, chegando a producirse un despedimento por esta causa en cinco delas.

Este bloque remata coa análise dos tipos de postos de traballo que se levan a cabo nos CEE e se estes son desempeñados ou non por persoas con discapacidade. Para isto os postos de traballo divídense en catro tipoloxías atendendo á cualificación requirida: directivos; cualificados (é preciso ou recomendable, titulación universitaria para o seu desempeño); cualificados medios (é preciso ou recomendable, formación profesional para o seu desempeño); non cualificados (non é precisa formación ou capacitación específica para o seu desempeño).

Da análise dos resultados, e tal como se observa na **Gráfica 29**, destaca que case o 40% dos CEE conta con persoal directivo, o que dá mostra da profesionalización do sector. Na parte oposta sitúanse os


CEE que só contan con persoal non cualificado e que representan case un terzo dos participantes no estudo.

Gráfica 30 Tipo de postos de traballo nos CEE.



No relativo ao emprego desempeñado polas persoas con discapacidade, a **Gráfica 30** identifica o que se podería denominar como un teito de cristal nestas entidades para as persoas con discapacidade. A gran maioría do emprego non cualificado execútase por persoas con discapacidade, unha contía que vai diminuindo a medida que subimos na escala formativa requirida para o desempeño do posto de traballo.

Gráfica 31 Tipo de emprego das persoas con discapacidade nos CEE



Se se leva a cabo unha análise diferenciada por tipo de CEE pode obsérvase como os ordinarios contan cunha maior porcentaxe de persoas con discapacidade nos postos directivos, cualificados medios e non cualificados, sendo o único segmento onde se sitúan por encima os SAL no caso das persoas cualificadas.

Parece preciso realizar un seguimento deste último apartado co fin de ver se este teito de cristal se vai fendendo a medida que o acceso das persoas con discapacidade ás ensinanzas superiores segue a aumentar.

Bloque IV: Datos económicos

Ao comezo da formulación do presente estudo, o equipo investigador no acceso ás fontes primarias, nomeadamente ao rexistro mercantil, atópase coa imposibilidade de obter datos dalgúns entidades ao non existir obriga legal de proceder ao seu depósito no mesmo. Estas figuras empresariais son as asociacións/fundacións e as persoas autónomas. É por iso que se decide incluír no cuestionario ítems que fagan referencia a estes datos e que puideran permitir o acceso aos mesmos. O resultado do traballo de campo desprende que ningunha das persoas autónomas cumprimentou datos referidos a este apartado e só o fixo unha asociación.

Outra das necesidades identificadas no acceso ás fontes primarias era poder ter acceso aos datos de negocio dos CEE que tendo domicilio fóra da comunidade si contan con unidades produtivas ou centros de traballo na comunidade. Este análise de datos pretendía, a través da agregación, poder obter datos globais de Galicia en canto á aportación económica dos CEE. Neste caso tampouco existiu un resultado favorable xa que as entidades participantes non foron quen de facilitar este detalle.

Atópase, por tanto, que os datos obtidos no cuestionario son os mesmos aos que xa se obtiveron previamente das fontes primarias e que xa se analizaron no apartado 3 de aproximación á situación económica dos Centros Especiais de Emprego. Así e todo, existen algúns apartados deste bloque IV aos que cabe prestar atención e analizar con detalle por contribuír a coñecer o comportamento destas entidades dende a perspectiva económica.


Así, pódese observar a súa política de dotación de reservas, de reparto de beneficios ou de facer partícipes destes últimos aos traballadores e traballadoras. Tamén se recolle unha incipiente análise da participación dos CEE no mercado do sector público.

En canto á dotación das reservas, a totalidade dos CEE de iniciativa social levan o 100% dos beneficios a reservas obrigatorias ou voluntarias recolléndose tamén algunha entidade participante que os destina á inversión ou compensación de perdas. No caso dos ordinarios esta porcentaxe redúcese ao 43%, indicando os restantes que só dotan as reservas obrigatorias indicadas pola lexislación vixente.

Nesta liña de análise, e preguntados polo reparto de beneficios, o 100% dos CEE de iniciativa social non o levan a cabo, destinándose este á reinvestimento na propia empresa. No caso dos ordinarios o 45% indica que non proceden ao reparto de beneficios e un 9% indica que se aplican a compensar resultados negativos doutros exercicios. O 46% restante divídese entre os que indican que contan cunha política de incentivos, os que non contan cun deseño de políticas de beneficios predeterminada e aqueles que si contan con ela. Neste último caso, e a modo de exemplo, recóllese que se empregan os beneficios para a creación de novos postos de traballo ou que se dota unha porcentaxe determinada do capital social.

Por último, e en referencia á contratación pública, indicar que a maioría dos CEE non participan dela facéndoo só un 40%, tal e como se recolle na **Gráfica 31**. Se se procede a análise diferenciada entre CEE ordinarios e SAL pódese observar como no primeiro caso son subministradores das diferentes administracións públicas 3 de cada 10 empresas participantes no estudo e no caso dos SAL esa participación elévase en medio punto situándose nas 3,5 empresas de cada 10.

Gráfica 32 % de CEE con Contratación pública



En canto á porcentaxe da facturación que significan estas relacións comerciais varían entre o 4% e o 90%. Recoméndase seguir unha liña de estudo neste segmento co fin de analizar a súa evolución nos próximos anos e identificar a incidencia que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pode ter sobre este sector en concreto.

Para rematar, indicar que no último bloque ningunha das entidades participantes indicou novos datos ou comentarios a ter en conta.

5. Conclusións

Este traballo pénsase co obxectivo de estudar a realidade dos CEE existentes en Galicia cunha óptica poliédrica. Pretende abranguer aqueles prismas que se identificaron de interese pola entidade promotora do estudo, a Asociación Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro – CEGASAL, e o equipo de investigación social da Cooperativa Abeluria, S. Coop. Así algunhas das ópticas analizadas foron a sociolóxica, a económica – financeira, a do emprego e a súa calidade, a da discapacidade, ou a xeográfica.

Para abordar este basto traballo optouse por unha combinación de técnicas de análise cuantitativa e cualitativa co fin de empregar unha metodoloxía de triangulación que permite compensar as eivas que poderían presentar en cada unha por separado.

Así, para levar a cabo a metodoloxía cuantitativa obtéñense os datos directamente das fontes primarias -Rexistro autonómico de CEE e Rexistro Mercantil- e analizáronse de xeito separado para así garantir a comparabilidade da mostra en todo momento.

No caso da metodoloxía cualitativa, esta abórdase coa realización dunha enquisa que se desenvolve na totalidade da mostra a analizar. Co fin de identificar as súas características, completar resultados das fontes primarias e achegarse a aquelas cuestións que, identificándose de interese, non é posible acceder doutro xeito máis que cunha interpelación directa ás entidades.

Os resultados obtidos do Rexistro autonómico de CEE identifican que Galicia conta, en xullo de 2020, cun **total de 110 CEE dos cales un 45% conta coa cualificación de SAL ou a solicitaron neste ano**. En canto a súa distribución territorial, é a provincia da Coruña a que posúe un maior censo xa que o seu territorio alberga ao 70% da totalidade. Pola contra, a provincia que conta cun número menor é a de Ourense. Están **situados maioritariamente en concellos urbanos** aínda que os CEE **sen ánimo de lucro** teñen unha presenza no rural bastante superior ao dos ordinarios o que dá conta da súa maior adaptación ao territorio contribuindo, ademais da función social da xeración de emprego para persoas con discapacidade, á **fixación da poboación neste territorio**. Indicar tamén que o 18% dos CEE de Galicia conta cun domicilio social situado fóra da comunidade.

Atendendo ás persoas traballadoras, a 31 de decembro de 2019, existían en Galicia **3.596 persoas traballando nos CEE** das cales o 88% conta con algún tipo de discapacidade. Destaca que son **as**

entidades SAL as maiores xeradoras de emprego (tanto con discapacidade coma sen ela) aínda contando cun menor número de empresas. Así, os CEE de iniciativa social **aportan o 62,85%** do **emprego total** sendo o 45% das entidades existentes. Este feito tamén mostra a maior dimensión, que en termos de media obteñen estas entidades.

A maioría das persoas que traballan nestas organizacións son homes, identificándose unha clara **fenda de xénero** que é máis marcada no caso das entidades SAL. En canto á tipoloxía da discapacidade as persoas que maioritariamente traballan nos CEE galegos contan con unha discapacidade física cun grao inferior ao 64%. Pola contra, son as persoas que teñen unha discapacidade sensorial as que están presentes nunha menor porcentaxe. Neste eido ambas tipoloxías de CEE contan cun comportamento semellante.

En referencia á contratación, estas entidades **contan cunha alta estabilidade no emprego** sendo a maioría das súas contratacións fixas e a xornada completa en ambas tipoloxías de CEE. Son os SAL os que contan cunha maior estabilidade ao situarse esta no 66,56 % fronte ao 53,53 % dos ordinarios. Sería conveniente profundar se unha maior parcialidade puidera incentivar a contratación feminina no caso dos SAL, xa que esta é maioritariamente desempeñada por mulleres no caso das entidades ordinarias. En calquera caso, débese ter en conta que esta hipótese poda axudar a perpetuar roles de xénero ligados, por exemplo, aos coidados e dificultar a corresponsabilidade dos mesmos.

Por último, os datos do Rexistro de CEE mostran como as **persoas que traballan nos CEE contan cunha idade avanzada** xa que a franxa máis presente en todas as entidades -e con independencia do sexo- é a de máis de 45 anos. Tamén se pode observar como as persoas máis novas teñen unha baixa empregabilidade nestas entidades feito que pode vir determinado por unha tardía incorporación ao mercado laboral derivada, por exemplo, dunha dilatada capacitación ou porque as persoas máis novas teñen un maior acceso ao emprego ordinario.

Comezando a análise da **óptica económico financeira** dos CEE a partires dos datos obtidos do Rexistro Mercantil, o primeiro que se pode indicar é que a maioría son empresas, que en canto ao tamaño, poden encadrarse na denominación de **PEMES** aínda que nos últimos anos aumentasen o seu tamaño e a súa cifra de negocio. Non se observan comportamentos moi diverxentes entre as diferentes tipoloxías de CEE atendendo ao tamaño. O único salientable é que no último cuartil (Q3) os CEE superan en tamaño aos de iniciativa social.

En canto ao **endebedamento**, a nivel xeral, os CEE mostran un endebedamento por riba do valor óptimo, sendo gran parte do mesmo a curto prazo. Destacan neste apartado os **CEE sen ánimo de lucro** xa que mostran un patrimonio neto superior e un menor endebedamento o que lles outorga unha **maior fortaleza financeira** ao contar cunha maior dotación de fondos propios.

Analizando a **solvencia dos CEE**, en xeral, mostran uns datos aceptables ao tempo que obteñen unhas boas ratios de solvencia e circulante pero este bo comportamento non se mantén no caso da **liquidez inmediata o que podería redundar en problemas de tesourería**. Na comparativa por cuartís dos CEE ordinarios e sen ánimo de lucro, os segundos volven a mostrar unha mellor situación de partida fronte aos primeiros.

Atendendo á **rendibilidade** a mostra obtida indica unha evolución positiva entre os anos de estudo, 2013 – 2018. Así, esta foi aumentando progresivamente mais aínda así os seus valores non son altos. Nunha análise por cuartís xeral, pode apreciarse como os situados no Q1 arroxan perdas no ano 2018 o que significa que o **25% destas entidades obtiveron resultados negativos nese ano**.

Na análise comparada chama a atención como nos CEE de maior dimensión (Q3) as empresas de iniciativa social obteñen mellores valores en todos os indicadores -resultado de explotación, exercicio e ROA- salvo no caso do ROE onde os CEE ordinarios logran unha cifra que supera á dos SAL en máis de 11 puntos. Esta diverxencia nos datos pode vir determinada pola tendencia á optimización de beneficios que pode darse nos CEE ordinarios fronte á filosofía de funcionamento dos SAL onde prima a súa función social.

Ao observar a evolución **da actividade** dos CEE, destaca como as cantidades que proveñen doutros **ingresos de explotación** aparecen de xeito **máis relevante ao habitual** nestas organizacións, alcanzando unha proporción do 22%.

Da análise comparada entre CEE ordinarios e SAL no tocante ao funcionamento da súa actividade, as diferenzas máis salientables atópanse no que se refire aos gastos de persoal. Neste punto obsérvase que os CEE ordinarios contan cuns gastos de persoal globais inferiores aos SAL aínda cando o gasto por persoa é superior en todos os cuartís. Este comportamento afianza o xa mencionado no estudo e destaca a **vocación xeradora de emprego dos CEE de iniciativa social fronte aos ordinarios**.

A última óptica analizada é a que aborda os resultados da enquisa e que se deu en chamar "**realidade socioeconómica dos CEE**". Os

seus resultados afianzan as análises realizadas nos apartados anteriores profundando sobre outras cuestións que non aparecían recollidas anteriormente.

Así, obsérvase como a maioría dos CEE empregan as **sociedades limitadas e anónimas como fórmulas empresariais** para poñer en marcha o seu modelo de negocio existindo diferenzas entre SAL e ordinarios ao apareceren novas figuras mercantís propias en cada un dos casos. En iniciativa social as asociacións e fundacións e, en ordinarios, as persoas autónomas.

Con atención ao comezo da actividade empresarial a mostra indica que o 13% encádrase froito dunha transformación o que pode identificar aos CEE como unha alternativa ao peche empresarial. En canto ás **actividades empresariais** estas son diferentes, e aínda que abranguen todos os sectores, sitúanse -a maioría- no eido dos servizos destacando as de **xardinaxe, servizos a outras empresas e comercio**, as que contan cunha maior implantación.

Todos os CEE que operan en Galicia reciben axudas ao financiamento do custe de persoal procedentes da comunidade autónoma o que reforza os datos obtidos da análise financeira con respecto aos outros ingresos de explotación.

En canto á **discapacidade e medidas sociais**, os CEE móstranse como a alternativa existente de emprego que no caso de 281 é a primeira á que teñen acceso, pola contra a transición destas entidades ao emprego ordinario parece identificarse como un dos retos a abordar. No relativo á **formación son os CEE de iniciativa social** os que contan cunha **maior cualificación** aínda que a media sitúase no bacharelato para as persoas con discapacidade e na FP superior no caso das persoas que non contan con discapacidade. En calquera caso parece identificarse un **teito de cristal** xeralizado no que se refire ás **persoas con discapacidade para o acceso aos postos directivos**.

Nas comparativas entre a existencia ou non de medidas de RSC, actividades de axuste persoal e medidas Compliance entre CEE ordinarios e SAL en todas os últimos obteñen un mellor posicionamento que os primeiros. Porén no referente aos plans de igualdade, son os CEE ordinarios os que contan cunha maior implantación. A implementación deste tipo de documentos pode identificarse como unha prioridade nos CEE de iniciativa social para así tentar paliar a fenda de xénero existente.

Os datos de emprego mostran como un 50% dos CEE toman como referencia o Convenio colectivo galego de centros especiais de

emprego, os restantes repártense entre o convenio de sector, propio ou outras opcións. En canto ás táboas salariais de aplicación destaca que un 7% empregue o SMI como referencia á hora de confeccionar as súas nóminas.

A enquisa volve a referendar os datos obtidos en fontes primarias en atención á tipoloxía de contratación pero identifica altos porcentaxes de absentismo (previsibles tendo en conta o emprego analizado) e un baixo número de medidas disciplinarias.

Por último, en referencia aos datos económicos, complementan os datos xa mencionados as referencias á **dotación de reservas** e á participación na compra pública. Con respecto ás primeiras indícase que a totalidade dos CEE de **iniciativa social destinan o 100% dos beneficios a reservas obrigatorias ou voluntarias**. No caso dos **ordinarios esta porcentaxe redúcese ao 43%**, indicando os restantes que só dotan as reservas obrigatorias indicadas pola lexislación vixente. Afondando nesta análise identifícase que o 45% dos CEE non proceden ao reparto de beneficios mentres que un 46% divídese entre os que indican que contan cunha política de incentivos, os que non contan cun deseño de políticas de beneficios predeterminada e aqueles que si contan con ela.

En referencia á **contratación pública só un 40%** do total participan dela, sendo 3,5 empresas de cada 10 dos CEE de iniciativa social os que participan da mesma.

Polo tanto pódese indicar que os CEE existentes en Galicia sitúanse en todo o territorio centrando a súa actividade na provincias atlánticas e nestas situándose nas grandes cidades sendo, as entidades de iniciativa social, as que contan cunha maior penetración no rural galego. Contan cunha boa evolución financeira nos últimos anos destacando a súa capacidade de financiación e solvencia, sendo os SAL os que obteñen uns mellores resultados e identificándose diferenzas no comportamento entre os ordinarios e os de iniciativa social na rendibilidade que pode sustentarse na súa filosofía de funcionamento.

Os CEE destacan sobre todo pola xeración de emprego estable e de gran calidade -indefinido e a tempo completo- sendo maior a contribución que se realiza neste eido polos SAL que nos ordinarios salvo no que se refire ao emprego feminino, grande reto das entidades de iniciativa social.

Por último, destacar que os resultados deste traballo son xerais e como se mostrou poden ocultar substanciais diferenzas en cada unha das empresas. Este feito indica que parece interesante continuar nun futuro

co estudo, profundando na metodoloxía cualitativa, e analizar con detalle cada unha das realidades empresariais co fin de identificar o seu comportamento e así poder poñerlle rostro aos datos numéricos presentados.

Índice de táboas

Táboa 1 Centros Especiais de Emprego por provincia	9
Táboa 2 Actividade empresarial dos CEE en Galicia	13
Táboa 3 Persoas con e sen discapacidade por provincia	14
Táboa 4 Tipo de discapacidade por sexo e tipo de CEE	16
Táboa 5 Comparativa entre as persoas con discapacidade nos CEE e no censo de Galicia	17
Táboa 6 Xornada parcial por tipo de CEE e sexo	21
Táboa 7 Variables de tamaño ano 2018.....	25
Táboa 8 Tamaño. Mediana. 2018. Sen e Con ánimo de Lucro.	26
Táboa 9 Financiamento. Mediana. 2018. Ordinarios e SAL	29
Táboa 10 Análise de Solvencia CEE Ordinarios e SAL	31
Táboa 11 Rendibilidade Cuartís 2018.....	33
Táboa 12 Rendibilidade dos CEE ordinarios e SAL 2018.....	33
Táboa 13 Evolución da interacción dos valores correspondentes á actividade dos CEE 2013 - 2018.....	35
Táboa 14 Actividade dos CEE ordinarios e SAL - 2018.....	36
Táboa 15 Actividade empresarial dos CEE	41
Táboa 16 Tipo de axudas e nº de CEE beneficiarios	42

Índice de Gráficos

Gráfica 1 A Economía Social en Galicia (2018)	7
Gráfica 2 Centros Especiais de Emprego en Galicia	8
Gráfica 3 Centros de traballo por provincia dos CEE	10
Gráfica 4 Data de inscrición dos Centros Especiais de Emprego	11
Gráfica 5 Ano de solicitude cualificación SAL	12
Gráfica 6 % Persoas con e sen discapacidade nos CEE.....	15
Gráfica 7 Persoas traballadoras por tipo de discapacidade	17
Gráfica 8 Cadro de persoal por tipo de discapacidade e CEE	18
Gráfica 9 Tipoloxía da contratación por sexo	19

Gráfica 10 Tipo de xornada por clase de CEE	20
Gráfica 11 Xornada completa por tipo de CEE.....	21
Gráfica 12 Idades das persoas traballadoras por tipo de CEE e sexo .	22
Gráfica 13 Evolución do tamaño dos CEE 2013 - 2018.....	25
Gráfica 14 Evolución financiación anos 2013 - 2018	27
Gráfica 15 Ratios evolución financiación 2013 - 2018	28
Gráfica 16 Evolución da solvencia 2013 -2018	30
Gráfica 17 Evolución da Rendibilidade 2013 - 2018	32
Gráfica 18 Tipo de CEE participantes na Enquisa	38
Gráfica 19 CEE que participaron na enquisa e censo total.....	38
Gráfica 20 Fórmula xurídica dos CEE por clase.....	39
Gráfica 21 CEE transformados dende unha empresa ordinaria	40
Gráfica 22 % de Subvención media por CEE	43
Gráfica 23 Formación e antigüidade con e sen discapacidade.....	44
Gráfica 24 Medias de Responsabilidade Social Corporativa	45
Gráfica 25 Plans de igualdade	46
Gráfica 26 Actividades de axuste persoal.....	47
Gráfica 27 Medidas Compliance	48
Gráfica 28 Tipo de Convenio colectivo	49
Gráfica 29 Táboas salariais.....	49
Gráfica 30 Tipo de postos de traballo nos CEE.....	51
Gráfica 31 Tipo de emprego das persoas con discapacidade nos CEE.....	51
Gráfica 32 % de CEE con Contratación pública	53

Bibliografía

Bastida, M., Olveira-Blanco, A. & Savall-Morera, T. (2020): “Medidas para el fomento y consolidación de un ecosistema favorable a la Economía Social en Galicia. La Red Eusumo”, CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa, 98, 59-94. DOI: 107203/CIRIEC-E.98.15872

https://ciriec-revistaeconomia.es/wp-content/uploads/CIRIEC_9803_Bastida_et_al.pdf

Fajardo García, Gemma “La promoción del emprendimiento y la inserción social desde La economía social” (2018). Universidad de Valencia – Ciriec España.

<http://ciriec.es/?descargar-publicacion=2556&view=1>

Gelashvili, V. et al. (2016): “Análisis económico-financiero de los centros especiales de empleo de España”. Revista Española de Discapacidad, 4 (2): 7-24.

<https://doi.org/10.5569/2340-5104.04.02.01>

Jordán de Urríes Vega, F. B. et al. (2014): “Aproximación al análisis coste-beneficio entre empleo con apoyo y centros especiales de empleo mediante simulación comparativa con 24 trabajadores”. Revista Española de Discapacidad, 2 (1): 33-50.

<https://dx.doi.org/10.5569/2340-5104.02.01.02>

Jordán de Urríes, Francisco de Borja, and Miguel Ángel Verdugo Alonso. "Informe sobre la situación de los Centros Especiales de Empleo en España." (2010). Universidade de Salamanca

<https://gredos.usal.es/handle/10366/113092?show=full>

López Penabad, Celia et al. “Análisis de la eficiencia de los centros especiales de empleo en Galicia” (2019)

López Penabad, M. C., Maside Sanfiz, J. M., & Torrelles Manent, J. (2019). Análisis económico y social de los centros especiales de empleo: un estudio en Galicia. REVESCO. Revista De Estudios Cooperativos, 132, 169-194. <https://doi.org/10.5209/reve.64305>

Márquez, M. C., & Agra, M. B. Libro branco da economía social en Galicia (2019). Centro de Estudos Cooperativos – CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela.

Monzón Campos, José Luís, and Rafael Chaves Ávila. "Evolución Reciente De La Economía Social En La Unión Europea" (2017). Comité Económico y Social Europeo

<http://ciriec.es/?descargar-publicacion=2208&view=1>

Ministerio de trabajo y Economía Social. Informe del Mercado de Trabajo de las Personas con Discapacidad Estatal. Datos 2019

https://www.sepe.es/SiteSepe/contenidos/que_es_el_sepe/publicaciones/pdf/pdf_mercado_trabajo/2020/imt2020_datos_2019_discapacidad.pdf

Monzón Campos, José Luís, and Rafael Chaves Ávila. "La economía social en la Unión Europea." (2012). Comité Económico y Social Europeo

<http://ciriec.es/?descargar-fondo-editorial=440&view=1>

Anexo I: Modelo de cuestionario

Bloque 1: Datos sociolóxicos

1. Provincia:

Coruña
Lugo
Ourense
Pontevedra

2. Fórmula xurídica:

Sociedade Limitada
Sociedade Anónima
Asociación/fundación
Cooperativa/Sociedade Laboral
Persoa autónoma

3. Trátase dunha empresa ordinaria transformada en CEE

Si
Non
Non sabe/Non contesta

4. Tipo de Centro especial de emprego

Ordinario
Cualificado sen ánimo de lucro

5. Actividade principal

6. Número de persoas traballadoras no CEE

7. No ano 2019 recibiu o CEE axudas públicas?

Si
Non
Non sabe/ Non contesta

8. De que tipo? (pode seleccionar varias)

Axudas ao financiamento parcial do custo salarial das persoas con discapacidade nos CEE
Axudas para a adaptación de postos e asistencia técnica para os CEE
Axudas ás unidades de apoio á actividade profesional para os CEE
Cotizacións da Seguridade Social
Para a realización de inversións

Outras

9. Pode indicarnos a contía total de axudas públicas recibidas?
10. Pode indicarnos que cantidade corresponden a axudas para a adaptación de postos e asistencia técnica para os CEE?
11. Pode indicarnos que cantidade corresponden a axudas ao financiamento parcial do custo salarial das persoas con discapacidade nos CEE?
12. Pode indicarnos que cantidade corresponden a axudas ás unidades de apoio á actividade profesional para os CEE ?

Bloque II: Datos de discapacidade e medidas sociais

13. Cal é o nivel medio de formación das persoas CON discapacidade

(Indicar cal é a formación media dos traballadores e traballadoras con discapacidade no CEE sendo 1 sen formación, 2 ESO ou FP básica, 3 Bacharelato ou FP Medio, 4 FP Superior e 5 Titulación universitaria.)

14. Cal é o nivel medio de formación das persoas SEN discapacidade
15. Para cantas persoas traballadoras CON discapacidade do CEE este é o seu primeiro emprego?
16. Cal é a antigüidade media, en anos, das persoas CON discapacidade que traballan no CEE?

Menos de 1 ano
Entre 1 e 3 anos
Entre 3 e 5 anos
Máis de 5 anos

17. Cal é a antigüidade media, en anos, das persoas SEN discapacidade que traballan no CEE?

Menos de 1 ano
Entre 1 e 3 anos
Entre 3 e 5 anos
Máis de 5 anos

18. Cantas persoas traballadoras hai con incapacidade laboral permanente?
19. Pode indicarnos cantas persoas traballadoras transitaron ao emprego ordinario dende o CEE nos últimos 3 anos?
20. Existen medidas de Responsabilidade Social Corporativa (RSC) implementadas na entidade?

Si

Non

Non sabe/ Non contesta

21. Pode indicarnos cales destas medidas de RSC están presentes no seu CEE? (pode indicar varias)

Medidas que melloren as relacións laborais (por exemplo, mellora nas licencias que establece o convenio, facilidades económicas, mellora de conciliación...)

Medidas relacionadas cos clientes e/ou provedores (facilidades de pago ou cobro, mellora da comunicación, facer partícipes das decisións...)

Medidas que reducen o impacto medio ambiental (aforro enerxético, redución da pegada de carbono...)

Medidas que favorecen á comunidade local ou á sociedade en xeral (patrocinio de actividades deportivas ou eventos culturais, redución de ruídos nas actividades...)

Outras

22. Existe plan de igualdade e/ou medidas que a fomenten no CEE?

Si

Non

Non sabe/ Non contesta

23. Pode indicarnos cales destas medidas que fomentan a igualdade están presentes no seu CEE?

Medidas de acceso ao emprego en igualdade (CV cegos, evitar preguntas relacionadas coa vida persoal, formación ás persoas seleccionadoras...)

Medidas de mellora da corresponsabilidade entre homes e mulleres (flexibilidade laboral, traballo por obxectivos, baixas por maternidade/paternidade estendidas...)

Medidas de formación e desenvolvemento profesional (programas de formación e capacitación específicos, cobertura interna de vacantes...)

Medidas de prevención do acoso laboral (declaración de principios, protocolo de actuación...)

Outras

24. Existen actividades de axuste persoal e social no CEE

Si

Non

Non sabe/ Non contesta

25. Pode indicarnos cales destas actividades de axuste persoal están presentes no CEE?

Actividades de desenvolvemento persoal (apoio persoal, terapias, transporte adaptado, atención á saúde...)

Actividades de desenvolvemento social e na comunidade (mellora das habilidades sociais e/ou cognitivas, actividades de ocio e tempo libre...)

Actividades que melloren as expectativas ocupacionais (uso adaptado de novas tecnoloxías, alfabetización dixital...)

Outras

26. Existen medidas de Compliance na empresa?

Si

Non

Non sabe/ Non contesta

27. Se existen, pode indicarnos cales son?

Bloque III: Datos de Emprego

28. Cal é o convenio de aplicación no CEE ?

29. Que táboas salariais se aplican no CEE?

30. Existe representación sindical no CEE?

Si

Non

Non sabe/ Non contesta

31. Que modalidades de contratación existen no centro especial de emprego? (pode escoller varias respostas)

Indefinido

Contrato temporal

Formación e aprendizaxe

Contrato en prácticas

32. Cal é a media de contratos que as persoas traballadoras temporais teñen neste CEE ao longo do ano

1 ao longo do ano

2 ao longo do ano

3 ao longo do ano

Máis de 3 ao longo do ano

Non sabe/Non contesta

33. Cal é a porcentaxe de absentismo que se tivo no CEE no ano 2019

34. Poderíanos indicar as causas?

35. Leváronse a cabo actuacións disciplinarias nese CEE ao longo do ano 2019

Si

Non

Non sabe/ Non contesta

36. No caso de que se levasen a cabo, podería indicarnos de que tipo (pode seleccionar varias)

Amoestación (verbal ou escrita que quede recollida na empresa)

Sanción (suspensión de emprego ou soldo, inhabilitación para ascenso, traslados forzosos...)

Despido

Outras

37. Que tipos de postos de traballo se levan a cabo no CEE? (pode escoller varios)

Directivos

Cualificados (é preciso ou recomendable, titulación universitaria para o seu desempeño)

Cualificados medios (é preciso ou recomendable, formación profesional para o seu desempeño)

Non cualificados (non é precisa formación ou capacitación específica para o seu desempeño)

38. Cal é a porcentaxe de persoas con discapacidade que desempeñan postos directivos no CEE?

39. Cal é a porcentaxe de persoas con discapacidade que desempeñan postos cualificados no CEE?

40. Cal é a porcentaxe de persoas con discapacidade que desempeñan postos cualificados medios no CEE?

41. Cal é a porcentaxe de persoas con discapacidade desempeñan postos non cualificados medios no CEE?

Bloque IV: Datos económicos

42. No exercicio 2018, cal foi o resultado económico antes de impostos?

43. Cal é a política da entidade sobre a dotación de reservas?

44. Cal é a política da entidade en canto ao reparto de beneficios?

45. Faise partícipe ás persoas traballadoras da entidade dos resultados do exercicio?

Non se fai partícipe ás persoas traballadoras mais alá do que a lexislación obriga.

Destínase unha porcentaxe dos beneficios ás persoas traballadoras a través dunha paga extraordinaria de beneficios.

Non sabe non contesta.

46. Segundo as contas anuais do ano 2018, cal é a contía do capital social?
47. Segundo as contas anuais do ano 2018, cal é a suma das reservas legais e voluntarias?
48. Segundo as contas anuais do ano 2018, cal é a contía do Patrimonio Neto?
49. Segundo as contas anuais do ano 2018, cal é a contía do Pasivo fixo?
50. Segundo as contas anuais do ano 2018, cal é a contía do Pasivo circulante?
51. Segundo as contas anuais do ano 2018, cal é a contía do Activo fixo ou inmovilizado?
52. Segundo as contas anuais do ano 2018, cal é a contía do Activo circulante?
53. No ano 2019, leváronse a cabo contratos co sector público?
Si
Non
Non sabe/ Non contesta
54. Nese mesmo ano, que porcentaxe de facturación corresponde a contratos co sector público?

Bloque V: Comentarios

Deixamos este último apartado por se quixera deixarmos algún comentario ou indicación sobre calquera dos apartados que propoñemos: datos sociolóxicos, de discapacidade e medidas sociais, datos de emprego e datos económicos.

CEGASAL
Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de
Emprego sen ánimo de lucro

Modesto Brocos, nº7. 15704 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 574 698

E-mail: info@cegasal.com

REDE EUSUMO

Edif. Admin. San Lázaro, baixo. 15781 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 558 008

E-mail: info@eusumo.gal

